



VIGO



José Miguel Martín Peña, en calidade de portavoz do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Vigo formula á Xunta de Portavoces, ao abeiro do artigo 54.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, a seguinte proposta de Declaración Institucional para a súa aprobación no pleno ordinario correspondente ao mes de agosto, a celebrar o vindeiro venres 12 de setembro

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NA DEFENSA DE VIGO COMO SEDE OFICIAL PARA A CELEBRACIÓN DO EXAME DE FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA LOGO DA SÚA EXCLUSIÓN POR PARTE DO MINISTERIO DE SANIDADE

A corporación municipal de Vigo, no seu conxunto e por unanimidade de todas as forzas políticas que a compoñen, quere amosar o seu rexeitamento á decisión do Ministerio de Sanidade de excluír a nosa cidade como sede para a realización do exame de formación sanitaria especializada (MIR) a partir do vindeiro ano 2026. Ao tempo, solicita unha rectificación, para manter a Vigo como sede no futuro.

A resolución recentemente adoptada polo Ministerio trátase dunha decisión unilateral, inxusta e arbitraria que non responde a criterio obxectivo algún. Alén de que supón un retroceso en termos de descentralización, equidade territorial e de achega da administración á cidadanía.

Vigo vén albergando os exames MIR de xeito ininterrompido dende o ano 2021. De feito, na convocatoria do presente ano 2025, a nosa cidade acolleu como sede a 549 aspirantes galegos, o que representa case un 30% do total en Galicia. Polo que a súa desaparición supón un claro prexuízo para centos de aspirantes. Isto afecta a graduados en Medicina, Farmacia, Enfermería, Psicoloxía, Química, Bioloxía e Física.



VIGO

Esta corporación municipal no seu conxunto non pode, xa que logo, compartir esta decisión que discrimina a cidade máis importante do noroeste peninsular. E adopta, dende a unidade política e coa vontade de sumar forzas, unha postura en defensa de Vigo.

E por iso que pola presente Declaración Institucional instamos ao Goberno a rectificar a súa decisión, como xa fixo nos casos de Cáceres, Cádiz e León, e manter a Vigo como sede oficial da celebración do exame MIR garantindo así a descentralización, a accesibilidade e a equidade no acceso as probas selectivas do Sistema Nacional de Saúde.

Vigo, 09 de setembro de 2025

José Miguel Martín Peña

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE, D. Abel Caballero Álvarez  
**CONCELLO DE VIGO**